

## **Convocatoria de PRÁCTICAS externas en empresas ou institucións para os estudantes de Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos***

**Curso 2020-2021**

Convócanse prácticas en empresas e institucións para estudantes do Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos*

### **Normativa de aplicación:**

*Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais; Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios; e Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela (aprobado en Consello de Goberno de 30 de Xullo de 2015).*

### **1. Calendario da presente convocatoria\*:**

- 1.1.- Presentación de solicitudes\*\*: 2 de novembro ao 13 de novembro de 2020 ata as 14:00 horas.
- 1.2.- Adxudicación de prazos: do 16 ao 19 de novembro.
- 1.3.- Publicación das adxudicacións provisorias: 20 de novembro.
- 1.4.- Reclamacións á listaxe provisorias: do 23 de novembro ao 25 de novembro ata as 14 horas.
- 1.5.- Publicación da listaxe definitiva: 27 de novembro.

### **2. Requisitos dos candidatos:**

- 2.1.- Estar regularmente matriculado no devandito mestrado.
- 2.2.- Solicitar no decanato da facultade, nos prazos indicados no apartado 1, a participación no proceso de selección de candidatos para a realización de prácticas.

### **3. Proceso de selección:**

- 3.1.- Os estudantes incluírán no impreso de solicitude todas as empresas ou institucións nas que desexen realizar as prácticas.
- 3.2.- A comisión académica do mestrado procederá a adxudicar de oficio as prazos en función das preferencias manifestadas polos solicitantes. Naqueles casos en que haxa máis solicitantes para unha empresa ou institución que prazos dispoñibles, os candidatos serán baremados segundo os criterios acordados pola comisión académica.

#### 4. **Características académicas e organizativas das prazas académicas en empresas ou institucións:**

- 4.1.- As prácticas realizadas en empresas ou institucións terán carácter formativo.
- 4.2.- As prácticas, pola súa natureza formativa e ao estar integradas no sistema de créditos, teñen o carácter dunha materia de mestrado, polo que non serán remuneradas.
- 4.3.- Todas as prácticas terán unha duración de 150 horas e computarán como 6 ECTS. Nas 150 horas de duración está comprendido o tempo necesario para a redacción da memoria das actividades realizadas no período de prácticas, que o estudante entregará ao seu titor e que, xunto coa valoración do traballo desenvolvido, será tida en conta á hora de avaliar o período de prácticas.
- 4.4.- As prácticas realizaranse preferentemente polas mañás no horario que cada candidato seleccionado acorde coa empresa ou institución de acollida. O lugar de realización das prácticas será, habitualmente, a sé da empresa ou institución.
- 4.5.- As empresas e institucións colaboradoras nesta convocatoria e as prazas ofertadas son as indicadas no Anexo a esta convocatoria.

#### **Notas:**

**\*A convocatoria e listaxes do Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos* será difundida na páxina web propia e no taboleiro de información da Facultade de Filoloxía.**

**\*\* A presentación de solicitudes farase na secretaría do decanato da Facultade de Filoloxía a través do correo-e: [zfilsecr@usc.gal](mailto:zfilsecr@usc.gal). O formulario de solicitude está dispoñible na páxina web propia do Mestrado.**

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Asdo. M<sup>a</sup> Dolores Barral Rivadulla  
Coordinadora do Mestrado

## ANEXO

### **Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos***

#### **Prazas ofertadas**

<b>Empresas ou Institucións</b>	<b>Prazas ofertadas</b>	<b>Lugar de realización</b>
Arquivo-Biblioteca Catedral de Santiago de Compostela	2	Santiago
Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela	1	Santiago
Biblioteca Franciscana Provincial – Convento de S. Francisco	1	Santiago
Centro “Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades”	2	Santiago
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Instituto Padre Sarmiento.	1	Santiago
Fundación Catedral de Santiago de Compostela	1	Santiago
Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC)	2	Santiago
<b>GI-1350</b> Románicas (Filoloxía, Literatura medieval)	1	Santiago
<b>GI-1353</b> Grupo de análise de aspectos lingüístico-literarios na lusofonía	1	Santiago
<b>GI-1507</b> Medievalismo	1	Santiago
<b>GI-1548</b> Historia Medieval: Sociedade e Territorio	1	Santiago
<b>GI-1908</b> Estudos Clásicos e Medievais	1	Santiago
<b>GI-1920</b> Textos e contextos alemáns: sincronía e diacronía	1	Santiago
<b>GI-1930</b> Tradición retórica latina: crítica textual e filoloxía	1	Santiago